

TEXTO PARA DAR FORMATO

COÑECER O INTERFACE

Antes de nada imos facer un repaso de como nos presenta OpenOffice Writer o interface para ter acceso rápido ás ferramentas máis utilizadas. Saber onde temos as cousas pode axudarnos a ser máis rápidos e eficaces cando escribimos.

CAMBIAR O FORMATO DOS TÍTULOS

O texto que está en maiúsculas son os títulos deste texto. Hai que darlles formato para que todos sexan iguais. Deben estar todos en letra arial, cursiva, negra e 12 puntos.

HIPERLIGAZÓN

Aquí tes que facer dous tipos de ligazón. A primeira frase ligarala coa páxina da Galipedia e na segunda co título deste documento “TEXTO EN COLUMNAS PERIODÍSTICAS”

[Galipedia](#)

[Texto en columnas](#)

LOCALIZAR E SUBSTITUÍR

Imos aprender a localizar palabras e tamén como podemos substituílas
Localizar a palabra cervo e substituíla por Cervo

CABECEIRA

Agora hai que poñerlle unha cabeceira á paxina que aparecerá en todas as que teña o documento. Na cabeceira poñeremos o seguinte texto axustado á dereita e con unha liña na base: OBRADOIRO-ABALAR

PÉ DE PÁXINA

No pé de páxina ten que aparecer centrado os números de páxinas con este texto: páxina 1 de 3. Estará en fondo azul.

NOTA A PÉ DE PÁXINA

Este texto que vas atopar agora é importante entón imos facer unha chamada ou nota a pé de páxina indicando que está sacado do diario Xornal. Poñer a nota na palabra subliñada

O escritor Agustín Fernández Paz rexeitou o Premio da Cultura Galega das Letras que lle foi concedido onte polo xurado presidido polo conselleiro de Cultura¹, Roberto Varela. Mediante un comunicado, Fernández Paz agradeceu a decisión do xurado de recoñecer a súa traxectoria, pero non o acepta. “Quero expresar a miña gratitude ás persoas do xurado por pensaren en min. Mais debo lembrar que, cando os Premios da Cultura Galega foron convocados eu manifestei o meu desacordo con eles. Sigo a pensar o mesmo. En coherencia, non podo aceptar este premio”,

¹ Este texto foi sacado do diario Xornal editado o día 17 de novembro de 2010

explicou no comunicado .

INSIRIR E FORMATEAR UNHA TÁBOA

A esta táboa inserirle unha columna e dúas filas

A esta táboa elimínalle unha fila e dúas columnas

Agora mira o documento en PDF e fai unha táboa coma a do modelo
(combinar, axustar, dividir, fórmulas)

AQUÍ POÑEMOS O TÍTULO DA TÁBOA CENTRADO				
				45
Aquí poñemos un texto centrado				34
				21
				56
			Total	156

INSERIR UNHA IMAXE

Inserir unha imaxe para que quede coma a do modelo entregado en formato PDF. Xustificar o texto



No seu escrito, Fernández Paz non especifica os seus motivos, xa que se remite ao manifesto publicado por Prolingua o 8 de outubro que solicitaba a todos os intelectuais do país que, en caso de ser premiados, rexeitaran eses galardóns. O principal motivo que expuña Prolingua no citado manifesto – titulado Rosalía nunca aceptaría ese premio– é o trato que a Xunta de Galicia está a ter coa lingua e a cultura galega. “Nin a actual Xunta nin o seu Presidente, responsables ante a Historia de lexislaren por vez primeira contra a nosa lingua, poden atribuírse agora o papel de benfeitores da cultura galega. Polo tanto xulgamos lexítimo non aceptar ningún premio que veña hipotecado por agresións contra a cultura”, sinalase nese manifesto. Fernández Paz, polo tanto, fai seus os motivos de Prolingua, colectivo do que forma parte.

INSERIR UNHA FÓRMULA MATEMÁTICA

Aquí imos introducir unha fórmula matemática coa a do modelo que se achegou en PDF

Esta é unha fórmula matemática $a-b=\frac{c}{d}$ Fa a gora $\sqrt{3456}$

VIÑETAS E NUMERACIÓN

Na 3 primeiras liñas poñeremos unha viñetas normais: un punto

- Mais o problema é outro, por máis que o localismo fose sempre unha tara para Galiza.
- O cerne está, primeiramente, en saber para que queremos esas conexións aeronáuticas e, logo, xulgar, con datos e números encima da mesa, se son ou non rendíbeis económica e socialmente.
- Deberíase clarificar se eses voos son para transportar os galegos fóra ou para traer estranxeiros a Galiza, sexan turistas ou comerciantes.

Nos seguintes parágrafos poñeremos un unhas viñetas de cores

- ◆ Existe unha teima que demanda traslados rápidos e a baixo custo fóra da nosa xeografía.
- ◆ Debemos, xa que logo, subvencionarlle os seus traslados a unha parte da poboación, as clases máis favorecidas e de maior poder adquisitivo, sexan estes de pracer ou de negocios?
- ◆ Estas persoas, que teñen maior acceso ao ocio e a diñeiro, non poden gastar un pouco máis sen que sexa á conta dos que teñen menos ingresos e menos tempo de lecer?

Neste parágrafos imos numeralos de forma automática e separalos 0,2cm.

1. Existe unha teima que demanda traslados rápidos e a baixo custo fóra da nosa xeografía.
2. Debemos, xa que logo, subvencionarlle os seus traslados a unha parte da poboación, as clases máis favorecidas e de maior poder adquisitivo, sexan estes de pracer ou de negocios?
3. Estas persoas, que teñen maior acceso ao ocio e a diñeiro, non poden gastar un pouco máis sen que sexa á conta dos que teñen menos ingresos e menos tempo de lecer?

MODIFICAR MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

Esta liñas de texto tes que convertelas en maiúsculas sen tocar o teclado

DEBEMOS, XA QUE LOGO, SUBVENCIONARLLE OS SEUS TRASLADOS A UNHA PARTE DA POBOACIÓN, AS CLASES MÁIS FAVORECIDAS E DE MAIOR PODER ADQUISITIVO, SEXAN ESTES DE PRACER OU DE NEGOCIOS?

TEXTO EN COLUMNAS PERIODÍSTICAS

Poñer este texto en columnas periodísticas cun destacado no centro.

O rei Juan Carlos I de Borbón ten potestade para crear e anular señoríos e títulos nobiliarios. É por iso que a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica iniciou os trámites para lle pedir que, en atención á Lei da Memoria Histórica e co ánimo de

evitar o desprestixio que "para a democracia española é manter eses títulos no nobiliario estatal".

Os títulos para os que se piden anulación son o Marquesado de Arias-Navarro, o Ducado de Franco, o Señorío de Meirás e o Ducado de Mola.

O Marquesado de Arias-Navarro creouse o 2 de xullo do 1976. O seu primeiro posuidor foi Carlos Arias Navarro, que o día anterior demitira como presidente do goberno. Arias Navarro era coñecido como *El carnicerito de Málaga* por ter sido fiscal durante a represión fascista na capital andaluza. Na fosa do cemiterio da cidade xacen 4.471 persoas asasinadas, das cales 349 eran nenos. A día de hoxe o título deténtao Miguel Ángel Arias-Navarro Villegas, casado e con tres fillos.

O Ducado de Franco concedeuno Juan Carlos I o 26 de novembro do 1975. A súa primeira posuidora foi Carmen Franco Polo, filla do ditador Francisco Franco. A duquesa aínda vive, ten 84 anos e sete fillos.

O Señorío de Meirás creouse tamén ese mesmo día 26 de novembro para nomear Grande de España a Carmen Polo Martínez Valdés, a muller do ditador

Francisco Franco. Coa morte da señora do pazo galego extinguiuse o título pero logo da reclamación de Francisco Franco Martínez Bordiu (neto de Franco), o rei asinou a restitución dos seus poderes e privilexios. Co señorío vai tamén a propiedade do pazo de Meirás, moi discutida pola maneira na que a familia Franco adquiriu o edificio nos inicios da ditadura.

O Ducado de Mola é o único dos títulos denunciados que foi instaurado por Francisco Franco. O ditador outorgoulle a título póstumo ao tenente xeneral Emilio Mola Vidal o 18 de xullo (data que recordaba o golpe de Estado do 1936) e que disfrutou en primeiro lugar o seu fillo, Emilio Mola Bascón, a partir do 1955 e até a súa morte, no 2009. O rei Juan Carlos I asinou a acta pola que pasaba o título nobiliario o ano pasado ao neto do militar sublevado contra a II República, Emilio Mola Pérez Laborda.

Os títulos para os que se piden anulación son o Marquesado de Arias-Navarro, o Ducado de Franco, o Señorío de Meirás e o Ducado de Mola.

CAMBIO DE IDIOMA

Agora metemos un texto noutro idioma e teremos que corrixilo

El ministro irlandés de Finanzas, Brian Lenihan, ha reconocido finalmente que el saneamiento de su banca pasa ineludiblemente por "alguna forma de alluda externa" en relación al futuro . "Tenemos que reconducir los problemas de nuestra vanca, no podemos continuar sin un sistema bancario funcional" ha manifestado durante una entrebista en la radio RTE. Poco antes, Lenihan concretó que su Ejecutivo aceptaría la creación de un "fondo de contingencia" para la banca nacional tras la visita a Dublín de la Comisión Europea (CE), el Fondo Monetario Internacional (FMI) y el Banco Central Europeo (BCE). Con motivo de estas conversaciones, el primer ministro irlandés, Brian Cowen, ha aclarado, en declaraciones recogidas por un comunicado del Gobierno, que "no se trata de una pérdida de soberanía de Irlanda".

TABULADORES E COLUMNAS

Usar os tabuladores para colocar estas palabras:

escudo	espada	cabalo
daga	zapato	cabaleiro
armeiro	espadeiro	cavador

Usar columnas para aliñar estas frases:

Un tigre, dous tigres tres tigres, comían nun prato de trigo	O ceo esta enladrillado, desenladrillará?	O mar sobe e baixa dúas veces no día e vai cambiando de hora segundo se move a lúa.
--	---	---

FORMATO DE CARACTERES

Esta liña hai que poñela en arial 10, negra

Esta liña hai que poñela en Times New Roman 14, cursiva

Esta liña hai que poñela en Courier New, 16 e subliñada

Esta liña hai que poñela en arial 16 e de cor azul

Esta liña hai que destacala ou realzala en cor amarelo

FORMATO DE PARÁGRAFO:

Este primeiro parágrafo hai que poñerlle bordos para realzalo

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

A este imos poñerlle un fondo de cor azul clara.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas en procura do pai ensoñado.

A este hai que poñerlle unha letra capitular.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor, e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Nestes parágrafos hai que facer unha separación entre cada un deles, e logo facer unha xustificación completa, facer o sangrado da primeira liña e poñerlle guións as palabras.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a faltar.

¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou en que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tussindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

Aquí hai un texto para substituír: Cervo, vaca, arbore, Cervo, porco, Cervo, papuxa, Cervo, rico, Cervo

CARACTERES ESPECIAIS

Ao comezo de cada unha destas liñas pon o carácter especial que se indica no modelo

- ☺ Esta liña ten que empezar cunha cara sorrindo
- ♠ Esta liña ten que empezar co símbolo de picas da baralla francesa
- ♪ Esta liña ten que comezan por dúas corcheas
- Esta liña debe levar ao comezo un cadro branco
- ▶ Aquí imos empezar coa punta dunha frecha cara a dereita
- ♂ Esta frase é moi feminina e debe comezar co símbolo do sexo feminino.

Agora, para rematar, imos gardar o documento das seguintes maneiras:

- ◆ Como PDF (Ficheiro de só lectura para compartir)
- ◆ Como ODT (Formato normal de OpenOffice)
- ◆ Como ODT protexido (para que só o poidas abrir e modificar ti)
- ◆ Como DOC documento para ser compartido con compañeiros que só utilizan o procesador Word de Microsoft.